

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 13 DE MARZO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade das estradas provinciais E.P.0408 Paraños - Trabazo, E.P. 0409 Carballado-Trabazo, E.P. 0410 A Igrexa-Loureiro e E.P. 0411 Paciños-Mataporcos a prol do Concello de Cotobade.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o Plan Smart Turismo. Plan de desenvolvemento das TIC no eido do Turismo.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dos convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, coas federacións deportivas galegas, co fin de establecer as bases de colaboración deportiva e económica, para a realización por estas das actuacións, funcións e cometidos que, conforme a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, asumen en réxime de exclusividade cun investimento total de sete millóns centos trinta e oito mil cento corenta e nove euros (7.138.149,00 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto para a contratación da reserva e ocupación de prazas no servizo de atención residencial terapéutica para persoas con discapacidade intelectual coa entidade "Casa Nuestra Señora de Fátima y Cristo Rey Esclavas de la Virgen Dolorosa" no Concello de Crecente, polo procedemento negociado sen publicidade por exclusividade e tramitación ordinaria (expediente PN 10/2014). Importe do orzamento: un millón oitenta e oito mil cen euros (1.088.100 euros). Valor estimado: oito millóns trescentos setenta e oito mil trescentos setenta euros (8.378.370 euros).



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a Fundación Semana Verde para continuar coa promoción e divulgación das actuacións do programa de recuperación, conservación e fomento dos recursos zooloxénicos autóctonos de Galicia en perigo de extinción, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) por importe de trescentos oito mil euros (308.000,00 euros).
- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de Decreto polo que se regulan as condicións de venda directa dos produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre as axudas para o impulso comercial dos concellos: zonas comerciais e mercados e prazas de abastos, así como dos espazos do comercio non sedentario.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Plan Xermola de prevención da obesidade infantil 2014/2017.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE DE VARIAS ESTRADAS PROVINCIAIS A PROL DO CONCELLO DE COTOBADE

- *Trátase das estradas Paraños-Trabazo (EP 0408), Carballedo-Trabazo (EP 0409), A Igrexa-Loureiro (EP 0410) e Paciños-Mataporcos (EP 0411)*
- *A entrega das vías formalizarase no prazo de dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG), mediante a sinatura da correspondente acta de entrega*
- *O Concello de Cotobade, a partir da entrega, asumirá as actividades de xestión, mantemento e explotación das vías, así como as funcións de disciplina viaria e outras que lle corresponden como nova Administración titular da estrada*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o Decreto polo que se autoriza o cambio de titularidade das estradas provinciais Paraños-Trabazo (EP 0408), Carballedo-Trabazo (EP 0409), Igrexa-Loureiro (EP 0410) e Paciños-Mataporcos (EP 0411) a prol do Concello de Cotobade.

O concello solicitou á Deputación Provincial de Pontevedra o cambio de titularidade destas estradas provinciais. Ao abeiro das previsións legais, o Pleno da Corporación Provincial de Pontevedra, en sesión ordinaria levada a cabo o día 27 de decembro de 2013, acordou o cambio de titularidade a prol do Concello de Cotobade das citadas infraestruturas.

En aplicación dos números 4 e 6 do artigo 10 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, as entidades locais aprobarán os catálogos das estradas da súa titularidade. De acordo co exposto, o Concello de Cotobade deberá modificar o seu catálogo de estradas para incluír o cambio de titularidade a que se refire o presente decreto.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades locais.

A entrega das vías formalizarase no prazo de dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG), mediante a sinatura da correspondente acta de entrega. Correspóndelle ao Concello de Cotobade, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular da estrada.

A XUNTA PON EN MARCHA O PLAN SMART TURISMO PARA IMPULSAR A MODERNIZACIÓN E A COMPETITIVIDADE DO SECTOR A TRAVÉS DAS TIC

- ***Prevé a creación dunha plataforma tecnolóxica que dotará a Administración e os axentes do sector de ferramentas avanzadas para a xestión do Turismo***
- ***Permitirá desenvolver servizos avanzados para a comercialización e fidelización dos viaxeiros con medidas como a posta en marcha dun metabuscador e unha plataforma de comercialización***
- ***Avanzará no fomento da innovación, coordinación e colaboración público-privada coa creación dun laboratorio de innovación turística e dunha plataforma de eLearning***
- ***O plan establece unha liña específica para a potenciación do Camiño de Santiago, SmartCamiño, que proverá os peregrinos de aplicacións en mobilidade, servizos interactivos, a obtención da Compostela Dixital ou o acceso á wifi nos albergues públicos do Camiño***
- ***Smart Turismo ten un investimento previsto de 10 millóns de euros ata 2020***
- ***A implementación destas iniciativas dá cumprimento a dúas accións do Plan integral de Turismo de Galicia no marco das liñas estratéxicas do 'Camiño como eixe vertebrador da oferta turística de Galicia' e o 'Fomento do talento e o aproveitamento das novas tecnoloxías': a posta en marcha do Smart Camiño e o desenvolvemento da plataforma tecnolóxica Smart Turismo***

O Plan Smart Turismo, enmarcado no Plan integral de Turismo 2014-2010, aliña a tecnoloxía cos obxectivos estratéxicos da Administración autonómica para evolucionar cara un sector turístico máis competitivo, participativo e innovador. O Plan, aprobado hoxe no Consello da Xunta, establece a creación dunha plataforma tecnolóxica que modernizará as infraestruturas tecnolóxicas para a xestión do turismo en Galicia, permitirá establecer mecanismos estables de comunicación e colaboración cos axentes do sector e axudará a cumprir os obxectivos en canto á promoción e comercialización do produto turístico e facilitará a análise e toma de decisións por parte dos xestores.

Cun investimento previsto de 10 millóns de euros ata 2020, as actuacións do Plan estrutúranse arredor de catro eixes estratéxicos: a modernización das infraestruturas tecnolóxicas de turismo de Galicia; a promoción, comercialización e fidelización dos viaxeiros; o fomento da innovación, coordinación e colaboración público-privada, e a potenciación do Camiño de Santiago a través da liña SmartCamiño.

A implementación destas iniciativas dá cumprimento a dúas accións do Plan Integral de Turismo de Galicia no marco das liñas estratéxicas do 'Camiño como eixe vertebrador da oferta turística de Galicia' e o 'Fomento do talento e o aproveitamento das novas tecnoloxías': a posta en marcha do Smart Camiño e o desenvolvemento da plataforma tecnolóxica Smart Turismo.



Modernización das infraestruturas tecnolóxicas

A creación da plataforma tecnolóxica permitirá optimizar os procesos administrativos, de xestión, información e inspección grazas á integración de plataformas e sistemas informáticos existentes, que se mellorarán e incorporarán novas funcionalidades, e ao desenvolvemento de novas ferramentas e servizos tecnolóxicos.

O acceso a todos os servizos e funcionalidades que se desenvolverán sobre esta plataforma realizarase a través dunha extranet sectorial e profesional. A extranet facilitará a relación entre as distintos usuarios (profesionais da Axencia Galega de Turismo, profesionais e empresarios do sector, doutras administracións...e os servizos globais da plataforma.

Unha das primeiras actuacións desta liña é a construción dun repositorio único con toda a información turística de Galicia grazas á integración do Sistema de Xestión de Recursos Turísticos, e do Rexistro de Establecementos e Actividades Turísticos, de xeito que se garanta a coherencia, calidade e integridade entre os datos promocionais e administrativos que actualmente xestionan por separado un e outro repositorio.

A creación dunha plataforma de soporte á inspección turística é outra das medidas desta liña para axilizar e facilitar o traballo dos profesionais deste área. Esta ferramenta facilitará o deseño do Plan anual de inspección.

Promoción, comercialización e fidelización dos viaxeiros

Este eixe abrangue as medidas para a axudar a consolidar e mellorar o posicionamento e venda de produtos que compoñen a oferta turística de Galicia. Inclúe a implantación dun metabuscador que permite capturar a información de produtos e paquetes turísticos que o sector galego publica en portais de referencia para integralos no portal de turismo de Galicia.

Outra das actuacións é unha estratexia de posicionamento na internet co desenvolvemento dun portal de turismo con servizos web avanzados para a difusión de Galicia como destino turístico, como a integración con plataformas de rede social, novos servizos interactivos, aplicacións en mobilidade ou navegación por mapa.

Crearase unha plataforma de participación e fidelización do usuario con servizos que fomenten e canalicen a participación dos turistas. Será unha plataforma multifuncional na cal se pode recoller información a través de enquisas ou promover a interacción cos turistas a través de concursos.

Neste eido o Plan prevé a creación dunha plataforma de comercialización para que axencias de viaxe e propietarios de establecementos hoteleiros poidan xestionar,

publicar e vender ofertas, produtos e paquetes turísticos, integrándose cos contidos e servizos de promoción cos que conta o portal de turismo.

Innovación, coordinación e colaboración público-privada

Esta liña establece as actuacións, para incentivar a innovación, e a colaboración público-privada de xeito que se aproveiten as sinerxias e investimentos de ambos os sectores para garantir a máxima calidade nos servizos turísticos.

Unha das medias é a creación dun laboratorio de innovación turística que a través dun portal web facilitará ao conxunto do sector terá acceso ás diferentes ferramentas e servizos tecnolóxicos que existen (de xestión, aplicacións de promoción, metodoloxías, modelos...) e os novos que vaian xurdindo tanto en Galicia como no resto do mundo.

Para facilitar a formación continua dos profesionais do sector crearase unha plataforma de eLearning na cal o alumno só requirirá dun dispositivo conectado á internet para poder participar.

SmartCamiño

O Plan prevé unha liña específica para potenciar o Camiño de Santiago como produto turístico singular de Galicia, facilitándolles aos posibles peregrinos ou turistas os servizos tecnolóxicos máis avanzados.

SmartCamiño sustentase sobre unha plataforma tecnolóxica aberta e interoperable que permitirá capturar, ordenar e categorizar datos en tempo real de múltiples ámbitos: datos e parámetros de temperatura, humidade, exposición solar, fluxos de visitantes e eventos, ofertas comerciais, alertas e avisos....

A explotación destes datos permitirá desenvolver servizos web avanzados como o Director Comercial Virtual e Marketplace, que integrará os servizos de información e comercialización para o peregrino para ofrecer a máxima dispoñibilidade e o produto axeitado en función do seu perfil e contexto e informará en tempo real os diferentes usuarios sobre información relevante para eles.

SmartCamiño proporcionará aos posibles usuarios un servizo de aplicacións en mobilidade e navegación por mapa que permita o acceso a contornos de visualización avanzada do territorio en 2D e 3D sobre o que se despregarán diferentes servizos interactivos.

Outro dos servizos previstos é a obtención da Compostela a través de medios dixitais, así como o rexistro electrónico nos distintos puntos do Camiño e aplicacións baseadas no uso de códigos QR para identificar diferentes servizos ou contidos.



Esta liña do plan contempla a conexión wifi nos albergues públicos do Camiño de Santiago.



A XUNTA DE GALICIA DESTINARÁ MÁIS DE 7,1 MILLÓNS DE EUROS ÁS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS

- ***O Consello da Xunta autorizou os convenios de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e as 60 federacións deportivas galegas no obxectivo de promover a práctica das súas respectivas modalidades deportivas***
- ***Coa próxima sinatura dos convenios de colaboración comprométese nos orzamentos da Secretaría Xeral para o Deporte a contía total de 7.138.149 euros***
- ***Por primeira vez, e con vistas á cita de Río 2016, asínanse convenios plurianuais con determinadas federacións deportivas***

En atención a súa configuración legal e en exercicio das funcións que, tamén segundo a lei, teñen atribuídas, as federacións deportivas galegas están a realizar un labor fundamental no desenvolvemento das súas respectivas modalidades deportivas e no eido da organización e xestión das competicións de carácter oficial, ao tempo que permiten o acceso dos cidadáns á práctica do deporte federado, en complemento indispensable da actividade física de carácter lúdico e non competitiva.

Neste marco, e como en anos precedentes, o Consello da Xunta autorizou no día de hoxe a Secretaría Xeral para o Deporte para a sinatura dos convenios de colaboración coas 60 federacións deportivas galegas, por un importe que ascende a máis de 7,1 millóns de euros, co fin de promover a práctica das súas modalidades deportivas.

Como vén sucedendo desde a posta en marcha desta medida de colaboración entre a administración deportiva e as federacións que son os convenios, as dotacións económicas comprometidas pola Secretaría Xeral para o Deporte destinaranse ao desenvolvemento da actividade ordinaria federativa, á celebración das competicións oficiais, á actividade deportiva en idade escolar e a outros gastos e programas federativos.

Desta forma, o departamento autonómico executa para o 2014 unha das súas principais competencias que é o apoio ao tecido deportivo de Galicia, neste caso no tocante ás federacións deportivas da Comunidade Autónoma.

Río 2016

No concreto ámbito da política da Secretaría Xeral para o Deporte de impulso do deporte no máis alto nivel competitivo, este 2014 trae como principal novidade a subscrición de convenios plurianuais coas 14 federacións deportivas galegas con maiores posibilidades de participar nos vindeiros Xogos de 2016: piragüismo, taekwondo, remo, vela, atletismo, loita, judo, natación, triatlón, ciclismo, tiro con arco, rugby, tiro olímpico e tenis.



Así, e sen abandonar outros aspectos de colaboración, estes convenios plurianuais centraranse na realización dos programas de promoción, tecnificación e alto rendemento das respectivas modalidades deportivas destas 14 federacións, durante o período de preparación olímpica dos anos 2014, 2015 e 2016, ascendendo a dotación total desta medida nos orzamentos da secretaría xeral a 4.855.863 de euros.

Dótase así de maior estabilidade á actividade das federacións deportivas que ven marcado o seu traballo e actividade cotiá polos exixentes niveis requiridos por unha cita olímpica.



BENESTAR INVISTE UN MILLÓN DE EUROS NO CONCERTO DE 60 PRAZAS NO CENTRO DE ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE CRECENTE

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe o concerto destas prazas coa entidade "Esclavas de la Virgen Dolorosa"***
- ***Con esta actuación, permítase a atención de 60 persoas con discapacidade a través de servizos especializados***
- ***O Goberno galego está a destinar este ano máis de 97,2 millóns de euros en atención social á discapacidade, un 5,8 por cento máis que en 2013***
- ***Os programas de emprego dirixidos a este colectivo aumentan un 8 por cento este exercicio***
- ***A Xunta mantén preto de 5.000 prazas públicas de discapacidade, o que supón un 16 por cento máis que en 2009***

A Consellería de Traballo e Benestar investirá este ano preto dun millón de euros no mantemento de 60 prazas públicas no centro de atención á discapacidade intelectual de Crecente da entidade Casa Nuestra Señora de Fátima y Cristo Rey Esclavas de la Virgen Dolorosa.

O Consello da Xunta autorizou hoxe este acordo da Consellería de Traballo e Benestar, que dá continuidade á colaboración que se leva mantendo con este centro desde hai moitos anos. Con esta actuación, permítase a atención de 60 persoas dependentes a través de servizos especializados.

Este investimento inscríbese na aposta da Xunta de Galicia pola atención á discapacidade. En concreto, en 2014 a partida para este colectivo medra ata os 97,2 millóns de euros, o que supón un incremento do 5,8 por cento con respecto ao exercicio anterior. Aumenta non só o orzamento na atención, senón tamén nos programas que buscan unha integración plena e igualdade real. Por iso, os programas de emprego para persoas con discapacidade soben nun 8 por cento, ata os 17,4 millóns de euros en 2014.

Actualmente, hai en Galicia preto de 5.000 prazas de atención á discapacidade, das que máis de 700 foron creadas desde 2009, o que supuxo un aumento do 16,3 por cento con respecto á oferta que había nese momento.

Entre outras medidas que está levando a cabo o Goberno galego de cara a mellorar a calidade de vida deste colectivo cabe destacar tamén a elaboración dunha nova estratexia que dará continuidade ao Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013, e o traballo na mellora da normativa, grazas ao que xa está en trámite parlamentario a modificación da Lei de accesibilidade.



A XUNTA E A FUNDACIÓN SEMANA VERDE COLABORARÁN NO FOMENTO DAS RAZAS GANDEIRAS AUTÓCTONAS EN PERIGO DE EXTINCIÓN

- ***O Consello autorizou a sinatura do correspondente convenio de colaboración, que ten como obxecto a execución de accións de divulgación das razas gandeiras galegas en perigo de extinción, dos seus sistemas de cría e dos seus produtos***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a Fundación Semana Verde de Galicia para continuar coa promoción e divulgación das actuacións do programa de recuperación, conservación e fomento dos recursos zootécnicos autóctonos de Galicia en perigo de extinción, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

O obxecto do convenio é regular as condicións da colaboración para a execución de accións de divulgación das razas gandeiras galegas en perigo de extinción, dos seus sistemas de cría e dos seus produtos.

A Fundación Semana Verde de Galicia asume o compromiso de colaborar na difusión das razas gandeiras autóctonas de Galicia, tanto no Certame Internacional Multisectorial Semana Verde que se celebra cada ano, como mediante un certame específico, no que se desenvolverán monográficos, exhibicións, exposicións e concursos morfolóxicos de todas as razas autóctonas, así como conferencias, xornadas técnicas, actividades promocionais e exposición dos produtos obtidos das ditas razas.

Pola súa banda, a Consellería do Medio Rural e do Mar, ademais de participar na coordinación técnica e na programación das diferentes actuacións contidas no convenio, achegará os exemplares das distintas razas autóctonas para a súa exhibición e exposición, ou ben, de ser o caso, intermediará coas asociacións de criadores para que estas o fagan. Ademais, a consellería porá á disposición da Fundación Semana Verde o persoal técnico do Centro de Recursos Zootécnicos de Fontefiz, para colaborar nas diferentes accións, aportará o persoal especializado no manexo dos animais, e garantirá o cumprimento do estatus sanitario dos animais e a súa inscrición nos libros xenealóxicos das razas que se presenten.

A Consellería do Medio Rural e do Mar financiará parcialmente o custo das actividades con 308.000 euros, a razón de 154.000 euros por ano, durante o 2014 e o 2015. A Fundación Semana Verde financiará os restantes custos das actuacións de promoción e divulgación.



OS AGRICULTORES GALEGOS PODERÁN VENDER DIRECTAMENTE OS SEUS PRODUTOS PRIMARIOS AO CONSUMIDOR FINAL

- *Os produtores deberán respectar o establecido por un decreto específico, que regula as condicións de venda destes produtos, avaliado hoxe polo Consello de Xunta*
- *Créase, dentro do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA), unha sección para inscribir as explotacións acollidas ao réxime de venda directa e establécense as condicións que deberán cumprir as explotacións para realizar esta actividade*
- *Defínense os requisitos que deberán cumprir os produtos, as formas de venda e as cantidades máximas a comercializar por estas vías*

Os agricultores galegos poderán vender directamente unha serie de produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final, respectando o establecido por un decreto específico que avaliou hoxe o Consello da Xunta, antes da súa remisión ao Consello Consultivo de Galicia.

Así, poderán venderse directamente, nas cantidades máximas establecidas no decreto, os seguintes produtos: mel, pole, prúpole, xelea real, ovos, froitas e froitos silvestres, legumes e hortalizas, cogomelos e cereais, sempre producidos na explotación da persoa vendedora (agás no caso dos cogomelos silvestres), podendo realizar a venda in situ (na propia explotación produtora), en mercados ou a establecementos de venda polo miúdo.

O decreto establece que só poderán comercializarse en venda directa os produtos producidos na propia explotación do vendedor. A venda poderá realizarse in situ (na explotación produtora), en feiras e mercados locais, directamente polas persoas titulares da explotación ou parentes en primeiro grao que colaboran na actividade agraria ou en establecementos locais de venda polo miúdo ao consumidor final, sempre que a transacción sexa directamente entre o produtor e o establecemento de venda final, sen intermediarios.

Os produtores proporcionarán por medio dunha etiqueta a información alimentaria obrigatoria. No caso de transaccións efectuadas con establecementos locais de venda polo miúdo ao consumidor final, a etiqueta poderá substituírse por un documento comercial no cal figure a información preceptiva. No caso de vendas in situ a etiqueta non será necesaria e poderá substituírse pola información oral transmitida polo produtor.

A través deste decreto regúlase tamén, dentro do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA), a creación dunha sección específica para inscribir as explotacións acollidas ao réxime de venda directa (SEVEDI), definíndose os requisitos que deberán cumprir os produtos, as formas de venda e as cantidades máximas a comercializar por estas vías.



As explotacións que desexen realizar venda directa deben figurar inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA) e comunicar a súa vontade de realizar a venda directa dos seus produtos; serán entón inscritas de oficio na sección de explotacións acollidas ao réxime de venda directa. As ditas explotacións levarán un rexistro básico no cal figuren os datos das vendas.

Con esta regulación preténdese ofrecer unha canle legal axeitada a unha situación xa existente de feito, como é a venda directa (entendida esta como a venda sen intermediarios, ou no seu caso coa participación dun único intermediario retalista) de determinados produtos agrarios dos produtores aos consumidores finais.

A regulación desta práctica realízase sen menoscabo das garantías de seguridade alimentaria que demandan as persoas consumidoras, e está en liña coas actuais orientacións da PAC, proclives ao fomento das cadeas curtas de distribución, máis respectuosas co medio (menor impacto da “pegada de carbono”) e favorecedoras do desenvolvemento rural (o valor engadido xerado repercute directamente no produtor, e polo tanto, permanece no territorio).



A XUNTA DESTINA MÁIS DE 3 MILLÓNS A POTENCIAR AS PRAZAS DE ABASTOS E O COMERCIO DE PROXIMIDADE EN COLABORACIÓN COS CONCELLOS

- ***Economía e Industria incrementa ata os 150.000 euros a contía das axudas a que poden acceder os municipios para a modernización dos mercados***
- ***Ademais das melloras nas prazas de abastos, tamén se apoian actuacións nas rúas do seu contorno e a activación de iniciativas para incentivar as vendas***
- ***Os concellos tamén poderán optar a axudas para a mellora de espazos destinados a mercados tradicionais e ambulantes de apertura periódica***
- ***Prímense os proxectos compartidos por varios municipios, e as remodelacións dos mercados de abastos deberán ir acompañadas de asesoramento aos praceiros***
- ***A consellería leva activados no que vai de ano programas de apoios para mellorar a competitividade do sector comercial por máis de 6,5 millóns de euros***

A Consellería de Economía e Industria destinará este ano máis de 3 millóns de euros ao programa de axudas aos concellos galegos para potenciar os mercados e prazas de abastos e impulsar a competitividade do comercio de proximidade, dentro da estratexia específica de apoio ao sector comercial como unha das claves para a reactivación da economía das vilas e cidades galegas.

Mediante a convocatoria de apoios da que hoxe se informou no Consello da Xunta, e que se publicará en próximas datas no *Diario Oficial de Galicia*, os municipios poderán optar a axudas para a modernización dos mercados de ata 150.000 euros, un 25% máis que na anterior convocatoria, co obxectivo de consolidar as prazas de abastos como líderes na venda de produto fresco e de calidade.

Como novidade, os concellos que queiran desenvolver estes proxectos de mellora, que poden incluír ademais da remodelación da estrutura física e das instalacións de uso comunitario dos mercados actuacións para a redución do consumo enerxético ou dos residuos xerados, entre outros, deberán poñer en marcha iniciativas dirixidas ao *mentoring* comercial aos praceiros. Estas actividades de formación e asesoramento, que se apoiarán cunha axuda máxima de 1.800 euros, estarán encamiñadas a aumentar a rendibilidade do punto de venda mediante técnicas de *visual merchandising*, a colocación do produto ou a atención ao cliente.

Con este programa, a través do cal se levan concedido apoios a 194 concellos galegos nos últimos cinco anos, a Xunta reforza a súa colaboración cos municipios nun ámbito no cal as súas actuacións resultan imprescindibles, tanto pola súa proximidade co comerciante como polo seu coñecemento directo do comercio local.



Neste sentido, apóiase con ata 3.000 euros a posta en marcha de actuacións de dinamización e promoción de vendas por parte dos concellos nas prazas de abastos, así como nos principais eixes comerciais dos concellos de menos de 20.000 habitantes. Ademais, estes municipios máis pequenos poderán optar a axudas de ata 30.000 euros para adecuación física ou mellora de espazos destinados a mercados tradicionais e ambulantes de apertura periódica.

As axudas do programa alcanzan con carácter xeral o 75% dos investimentos apoiados, primándose os proxectos de xestión compartida cun incremento dun 15% na porcentaxe subvencionable no caso das solicitudes presentadas conxuntamente por varios municipios.

Coa convocatoria presentada hoxe, a Consellería de Economía e Industria leva activados no que vai de ano programas de axudas por máis de 6,5 millóns de euros para impulsar o sector comercial e mellorar a súa competitividade.

Así, hoxe mesmo publícase no *Diario Oficial de Galicia* a orde destinada a apoiar o labor que desenvolven as federacións de comerciantes e asociacións de ámbito superior ao municipal, dotada con 800.000 euros, e que se suma á convocatoria destinada ás asociacións de comerciantes para a dinamización dos centros comerciais abertos, con 2,2 millóns de euros e en fase de resolución.

Ademais do impulso ao asociacionismo comercial, outro dos eixes en que incide a Consellería de Economía é o emprendemento comercial, cun novo programa para a apertura de novos establecementos comerciais que conta cunha dotación inicial de 500.000 euros, e que está aberto á presentación de solicitudes ata o vindeiro 30 de xuño.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN XERMOLA, A ESTRATEXIA GALEGA PARA A PREVENCIÓN DA OBESIDADE INFANTIL

- ***Concrétase en 34 intervencións agrupadas en 13 liñas de acción***
- ***Dentro desta iniciativa, Sanidade realizou unha enquisa entre preto de 7.500 nenos e nenas galegos para coñecer as prevalencias de sobrepeso e obesidade***
- ***Para a identificación das principais liñas de actuación, Sanidade formou cinco grupos de traballo liderados por persoas de recoñecido prestixio***
- ***Se en 1990 o baixo peso ao nacer era o factor de risco máis importante para a mala saúde na infancia, na actualidade o índice de masa corporal elevado é o principal factor como causa de morte prematura e discapacidade***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o Plan Xermola, a estratexia galega para a prevención da obesidade infantil, polo que xa está listo para comezar a súa implantación e ten unha duración prevista de 8 anos, ao remate dos cales se analizará de novo a fondo a situación para valorar a necesidade de continuidade da iniciativa.

Cómpre sinalar que, se en 1990 o baixo peso ao nacer era o factor de risco máis importante para a mala saúde na infancia, na actualidade o índice de masa corporal elevado é o principal factor como causa de morte prematura e discapacidade.

A Xunta pretende mediante o plan coñecer a prevalencia da obesidade na poboación escolar de 6 a 15 anos de Galicia, analizar o seu patrón alimentario e obter un protocolo de actuación en cada un dos ámbitos de intervención con base en ensaiar, avaliar e seleccionar as intervencións máis custo-eficaces no ámbito sanitario, educativo e comunitario, o que servirá como punto de partida para poder levar a cabo as diferentes actuacións. Ademais, establecerá as bases para integrar o plan na Estratexia Galega de Atención Integral á Cronicidade.

Intervencións concretas

O Plan Xermola concrétase en 34 intervencións agrupadas en 13 liñas de acción dentro de 5 estratexias que son a normativa (con actuacións dirixidas ao ámbito escolar, sanitario, comunitario e municipal), a participativa (para promover a participación activa da cidadanía), a referida á innovación e á investigación (dirixida a consolidar un tecido de investigación en obesidade e a fomentar a innovación tecnolóxica na saúde), a de vixilancia (para dotar de coñecemento os responsables do desenvolvemento do Plan), e a de información e formación (para formar, entre outros, a comunidade en materia de saúde, ou os colectivos específicos).

Entre o conxunto de medidas de intervención no eido normativo, o Plan Xermola prevé o desenvolvemento ou proposta de boas prácticas para definir, regular e verificar a oferta alimentaria no centro escolar. No marco da estratexia participativa, entre outras



iniciativas crearase unha comisión de alto nivel con representación política de todos os grupos parlamentarios, así como de equipos municipais multidisciplinares que xestionen e coordinen as actividades dos concellos.

Ademais, no campo da innovación, tratarase de consolidar un tecido de investigación en obesidade infantil establecendo acordos cos responsables dos centros de investigación e departamentos das universidades galegas para que prioricen as liñas de investigación en materia de obesidade infantil. Tamén se establecerán acordos coas empresas que integran o Clúster de Alimentación de Galicia.

Na área de vixilancia, prevese poñer en marcha un observatorio para a vixilancia e seguimento do estilo de vida e dos determinantes da obesidade na poboación galega, mentres que no eido da formación e a información se establecerán programas formativos para colectivos específicos (sanitarios, educativos). Así mesmo, fomentárase a inclusión de contidos relacionados coa saúde nas titulacións con previsión de docencia na súa carreira profesional.

Para a identificación das principais liñas de actuación, Sanidade formou cinco grupos de traballo liderados por persoas de recoñecido prestixio en cada un dos ámbitos que son, no científico e académico, Felipe Casanueva, xefe do Servizo de Endocrinoloxía do CHUS; no ámbito empresarial, Ángeles Romero, catedrática da área de Tecnoloxía de Alimentos da Facultade de Ciencias; no escolar, Ana Ornilla, subdirectora xeral de Recursos Educativos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; no ámbito Familiar e Comunitario, Pilar López, médica de atención primaria; e no ámbito sanitario, Mercedes Lanza, subdirectora de Planificación e Programación Asistencial do Sergas.

Actuacións xa en marcha

Algunhas actuacións xa en marcha no marco do Plan Xermola son a asesoría e supervisión de menús escolares, a formación de responsables de comedores escolares, a edición de libros de menús escolares, a resposta á demanda de información e formación por parte de ANPAS, e o Programa on-line Xente con Vida, iniciativa centrada na difusión de información fiable e contrastada sobre alimentación, que busca a comunicación directa cos cidadáns, cunha linguaxe clara, sinxela e comprensible por todos.

Trátase dunha estratexia poboacional, multisectorial, multidisciplinaria e adaptada ao contorno social e cultural, co obxectivo de frear o problema da obesidade e o sobrepeso na nosa mocidade, así como de mellorar o patrón alimentario e de actividade física como determinantes da obesidade na poboación infantil e xuvenil en Galicia.



Prevalencia da obesidade e sobrepeso

A Consellería de Sanidade realizou, no marco do plan, un estudo de prevalencia de obesidade e sobrepeso cunha mostra representativa de case que 7.500 nenos e nenas galegos de entre 6 e 15 anos de idade. Do estudo despréndese que o 24,8% deles teñen sobrepeso, o 8,3% son obesos, o 63,4% presentan un peso normal e o 3,5% teñen baixo peso.

Despregados os resultados por sexos, no que atinxe aos rapaces, o 24,3% teñen sobrepeso e o 9,3% son obesos, tendo o 63,2% peso normal e o 3,3 baixo peso. No que se refire ás rapazas, o resultado da enquisa reflicte que o 25,4% teñen sobrepeso e o 7,2% son obesas, tendo o 63,5% peso normal e o 3,8% baixo peso.

A enquisa sinala, tamén, que o 25,6% dos nenos e nenas de Educación Primaria teñen sobrepeso e o 9,4% son obesos. Nesta categoría, o 61,5% teñen peso normal e o 3,5% baixo peso. Polo que atinxe á Educación Secundaria Obrigatoria, o 23,5% teñen sobrepeso e o 6,4% obesidade, estando o 66,5% no seu peso normal e o 3,6% presentan baixo peso.